



MUIÑOS ACOLLE A SEGUNDA POLAFÍA 2016 DA AELG





Segundo me comunican dende a [Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega](#), este sábado 1 de outubro (17:00 horas) [celebrarase en Muíños \(Ourense\) unha nova polafía](#), en concreto nas instalacións da Sociedade cultural, deportiva e xuvenil Fontefría, Complexo turístico “O Corgo”. A entrada será libre ata completar aforo.

Tal e como se lembra dende a [AELG](#), a súa Sección de literatura de tradición oral “propón visitar o Concello de Muíños para asistir á segunda Polafía de 2016, unha revista oral que terá como tema central as historias da raia. O que suceda nesta Polafía, como xa sucedeu en todas as anteriores, gravarase para incorporar ao arquivo oral da web AELG”.

O acto contará coas intervencións de:

David Pérez
 Celso Diz
 Inés Rodríguez
 Carlos Morais
 Antonio González Baralló
 Lino Perdiz
 Isidro Novo

A parte musical corre a cargo de:

Xurxo Souto
 Ordeiki

Este acto, organizado pola Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG e a Sociedade cultural, deportiva e xuvenil Fontefría, “conta coa colaboración da Asociación Os Arraianos, as librarías Aira das Letras (Allariz) e Traga-Mundos (Vila Real) e do Núcleo de Estudos e Pesquisa dos Montes Laboreiro. Conta co patrocinio da Xunta de Galicia (Consellería de Cultura)”. Máis información, [aquí](#).

[A vila da Guarda acolleu tamén hai uns anos unha polafía](#)